

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a lei galega 3/2001 do 28 de maio reguladora do consentimento informado e da historia clínica do paciente, a historia clínica:

- A) É propiedade do paciente
- B) Conterá suficiente información para identificar ao paciente e documentar o seu proceso de atención sanitaria
- C) Debe destruírse unha vez transcorran cinco anos desde o falecemento do paciente
- D) Non pode conter valoracións nin informacións sobre a situación do paciente

2. Segundo o artigo 10 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, cal dos seguintes NON constitúe un dereito respecto ás distintas Administracións sanitarias?

- A) A coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das institucións sanitarias
- B) Ao respecto á súa personalidade, dignidade humana e intimidade
- C) Á información sobre os servizos sanitarios a que se pode acceder e sobre os requisitos necesarios para o seu uso
- D) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso

3. De acordo co artigo 70 da Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, a división en zonas sanitarias de cada distrito terá en conta as condicións:

- A) Demográficas
- B) Epidemiolóxicas
- C) Xeográficas e de accesibilidade
- D) Todas as respostas son correctas

4. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, enténdese por "condición de traballo":

- A) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e a saúde do traballador
- B) Calquera peculiaridade da actividade laboral con influencia relevante na saúde do traballador
- C) Calquera peculiaridade da actividade laboral especificamente prevista na normativa regulamentaria
- D) Calquera característica dos locais, instalacións e equipos do lugar de traballo.

5. Conforme ao previsto na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o complemento de carreira profesional está destinado a retribuír:

- A) O nivel do posto
- B) O grao recoñecido
- C) O especial rendemento
- D) A especial dedicación e responsabilidade

6. De acordo coa Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, en cantas áreas e distritos se ordena territorialmente o Sistema Público de Saúde de Galicia?

- A) En 11 áreas e 14 distritos
- B) En 7 áreas e 14 distritos
- C) En 7 áreas e 11 distritos
- D) En 11 áreas e 7 distritos

7. O posto de Xefe de Servizo de Anestesia e Reanimación, de conformidade coa normativa de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, será provisto polo sistema de:

- A) Libre designación
- B) Concurso de méritos
- C) Avaliación colexiada
- D) Comisión rotatoria

8. Conforme ao Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal é un requisito, para o persoal en activo, para ser admitido nun concurso de traslados:

- A) Tomar posesión da praza desempeñada 6 meses antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Tomar posesión da praza desempeñada 1 ano antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias
- C) Tomar posesión da praza desempeñada 2 anos antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias
- D) Tomar posesión da praza desempeñada 3 anos antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias

9. De conformidade coa Lei 55/2003, do Estatuto Marco, indique cal das seguintes NON se considera unha situación administrativa do persoal estatutario fixo:

- A) Servizos especiais
- B) Excedencia voluntaria
- C) Incapacidade temporal
- D) Suspensión de funcións

10. Para os efectos da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, cal das seguintes se considera unha forma de violencia de xénero?

- A) Violencia económica
- B) Violencia física
- C) Tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación.
- D) Todas as respostas son correctas

1. O artigo 6 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade establece que as actuacións das Administracións Públicas estarán orientadas:

- A) A garantir a información sobre os servizos sanitarios
- B) A garantir que os cidadáns obteñan os medicamentos e produtos sanitarios que consideren necesarios para a saúde
- C) A garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estean dirixidas á prevención de enfermidades e non só á curación das mesmas
- D) A promover o interese colectivo mediante a educación social da poboación

2. Conforme ao establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinale cal NON é un requisito para poder participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo:

- A) Ter cumpridos vinte e un anos e non exceder a idade de xubilación forzosa
- B) Posuír a titulación esixida na convocatoria ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes
- C) Non ser separado do servizo, mediante expediente disciplinario, nos seis anos anteriores á convocatoria
- D) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento